

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA**

*RESOLUCIÓN do 20 de maio de 2022 pola que se dá publicidade dun encargo a medio propio realizado por esta axencia.*

De conformidade co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de setembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dáse publicidade ao seguinte encargo a medio propio:

1. Resolución do 31 de marzo de 2022, do Instituto Enerxético de Galicia, pola que se lle encarga ao medio propio Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A., SME, MP (Tragsatec) o servizo de apoio técnico-administrativo na tramitación das axudas ao abeiro de programas de incentivos para o fomento das enerxías renovables e/ou aforro e eficiencia enerxética no marco dos fondos relacionados co Plan de recuperación, transformación e resiliencia europeo.

– Actividade: apoio técnico e administrativo na tramitación das axudas ao abeiro de programas de incentivos para o fomento das enerxías renovables e ou aforro e eficiencia enerxética no marco dos fondos relacionados co Plan de recuperación, transformación e resiliencia europeo.

– Natureza e alcance do encargo: encargo a medio propio ao ter a empresa Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A., SME, MP (Tragsatec) a consideración de medio propio instrumental e de servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido na disposición adicional vixésimo cuarta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

– Prazo de vixencia: desde o 1 de abril de 2022 ata o 31 de marzo de 2023.

– Financiamento: tramitouse con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022. O orzamento de execución ascende á cantidade de cento vinte mil setecentos dous euros con oitenta e dous céntimos (120.702,82 €), da aplicación orzamentaria 06 A3 733A 641.90 (código proxecto 202200002), financiados dentro



do Fondo de recuperación NextGenerationEU, distribuídos segundo o seguinte cadro de anualidades:

Anualidade	Importe
2022	90.527,11 €
2023	30.175,71 €
Total	120.702,82 €

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2022

Paula María Uría Traba  
Directora da Axencia Instituto Enerxético de Galicia

